

NORMAS A TER EN CONTA

➤ Prégase puntualidade ás horas de entrada e saída do Centro. **A puntualidade na vida cotiá é unha obriga de todos nós.** Os pais/nais son os verdadeiros responsables dos horarios dos cativos/as.

➤ Cada pai/nai/titor/a dos nenos/as de 3, 4 e 5 anos terá que deixar o neno/a na porta da aula, **á vista da titora. Eles/as entrarán sós/as!** En ningún caso se recomenda que os deixen nas portas da entrada sen que estea a súa titora ou un mestre. Esta petición faise para evitar que queden fóra.

➤ **As pezas de roupa** (abrigos, chaquetas, chándales, mandilóns) **deberán ter unha cinta cosida** que permita ao alumnado colgalas nos percheiros. Os **pantalóns con goma e sen cinto** son os máis adecuados para ir ao baño. Por último, recoméndase **calzado con velcro adhesivo** en vez de cordóns. Cando se desatan os cordóns, acaban por pisalos e causan máis dunha caída.

➤ **En Psicomotricidade** empregarán roupa cómoda para correr e realizar as actividades: **chándal e zapatillas de deporte.**

➤ Hai un tempo para a merenda. Esta **debe ser variada** (bocadillo, fruta, frutos secos), na cantidade adecuada. Consideramos que unha dieta que abusa das grasas saturadas e dos hidratos de carbono (bollería e golosinas) non é a máis adecuada para estas idades. Recoméndase que **as bolsas ou mochilas sexan pequenas e que teñan o nome** que as identifique.

➤ **Agradecemos que o alumnado non traia xoguetes á Escola** xa que cada aula está dotada do necesario. Deste xeito evítanse discusións ou perda de obxectos persoais.

➤ **Se hai cambio de domicilio ou teléfono, comunicárase ás titoras.** Prégase un número fixo (aínda que sexa dun familiar ou veciño) e un móbil. **No caso de que o móbil teña grupo de números restrinxidos, entre eles debe figurar o teléfono do Centro: 986883151.** De ser preciso, este nº é o contacto máis inmediato entre a Escola e as familias.

➤ **Cando o neno/a vaia ao médico, o pai/nai deberá traer un xustificante médico.** Se é unha visita programada á primeira hora, deberá advertir á titora para que non lle poña falta de asistencia. **Se a visita é a media mañá ou a última hora, a persoa que o recolle deberá asinar un escrito onde se fai responsable do cativo/a para levalo do Centro.** No caso de separacións, divorcios, perda da patria potestade ou situacións análogas, as persoas co neno/a ao seu cargo deberá indicar ao profesorado a quen se debe entregar o neno/a.

➤ **Se vai haber ausencias previstas do alumnado, hai que comunicalas á titora.**

➤ As saídas e excursións necesitan a autorización escrita da familia.

➤ A observación destas sinxelas normas de convivencia permitiranos un mellor desenvolvemento das actividades docentes.

Benvidos/as a un novo curso escolar!



R/ Concepción Arenal, nº 40
36900 Marín

Tlf. e fax: 986883151

E-mail: eei.ogrup@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/eeiogrup/>

CURSO 2010-2011



O desenvolvemento do alumnado en todos os aspectos (afectivo, motor, social e cognitivo) é a base na que se sustenta o traballo na escola. Para acadalo tense en conta a diversidade dos nenos/as sen discriminacións por razón de sexo, desigualdades sociais ou necesidades educativas específicas.

A escola prestará atención á diversidade de ritmos evolutivos, ás capacidades e á motivación do alumnado.

A escola fomentará o desenvolvemento do espírito crítico e creativo do alumnado, fomentando a súa autoestima e unha imaxe positiva de si mesmos.

Como institución aberta ao seu contorno, promove as tradicións culturais, o respecto pola Natureza, a adaptación ás novas tecnoloxías, facendo fincapé na participación das familias na comunidade educativa.

A educación sustentárase en valores como a tolerancia, cooperación, creatividade, sociabilidade e a superación positiva de calquera tipo de discriminación.

OBXECTIVOS DO CENTRO

- Fomentar as relacións cos demais aprendendo pautas elementais de convivencia.
- Poñer en funcionamento a aula de Novas Tecnoloxías e a biblioteca.
- Impulsar o uso do blog e da páxina web como canle de comunicación entre familia e escola.
- Fomentar hábitos de traballo e esforzo.
- Propiciar a aprendizaxe de linguas
- Formar aos nenos/as no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e liberdade, dentro de principios democráticos.
- Coordinar a tarefa educativa do profesorado e das familias para favorecer o desenvolvemento integral do alumnado.
- Promover as relacións do Centro con outras institucións con fins educativos e culturais.
- Desenvolver progresivamente a linguaxe oral como instrumento de comunicación.
- Promover un nivel de autonomía que lle permita ao neno/a valerse nos medios nos que vive facilitándolle unha serie de hábitos de hixiene, alimenticios, ...

- Establecer as estratexias necesarias que permitan a participación real e normalizada do alumnado con necesidade específica de apoio educativo nas actividades da aula ordinaria.

HORARIO

Dende o 27 de setembro ata final do curso, o 22 de xuño, as clases de todo o alumnado desenvolveranse de **9:00 a 14:00 horas**. O alumnado de **3 anos** sairá antes que o resto.

RELACIONES FAMILIAS/MESTRES

O bo funcionamento da Escola depende de todos nós. É imprescindible que as familias sexan coñecedoras dos progresos dos fillos/as. Dispoñen, pois, dunha **hora de atención a pais**, tódolos **martes, de 16:00 a 17:00 h**, a partires do mes de outubro. Para unha atención máis individualizada, **recoméndase cita previa**. Durante a entrada e a saída do Centro ás titoras teñen que estar pendentes do seu grupo. É preferible evitar facer consultas que requiran tempo nese momento.

CURSOS: TITORAS

- 1º A: Dorinda Pérez Boga (3 anos)
- 1º B: Óscar Loira López (3 anos)
- 2º A: Mª Luz Pousa Villar (4 anos)
- 2º B: Blanca Luz Afonso Álvarez(4 anos)
- 3º A: Mª Inés Lage Carreira(5 anos)
- 3º B: Luz Divina García Bal (5 anos)
- Profesora de Inglés: Pilar Crespo Martínez
- Profesor de A.L.: Miguel Ángel Jimeno Enrique
- Profesorado de Apoio: Ana Mª Muiños Otero e Alba García Soage
- Profesora de psicomotricidade e novas tecnoloxías: Tatiana Rivero Andión
- Profesor de Relixión Católica: Juan M. Fernández Iglesias
- Orientadora: Carmen Mª Vieiro Silva

AVALIACIÓN

A escola practica a avaliación continua, reflexada diariamente no traballo do alumnado.

Recibirán un informe no Nadal, en Semana Santa e en xuño, detallando os aspectos máis relevantes.

HORARIOS DE DIRECCIÓN E SECRETARÍA

A Secretaría e a dirección atópanse no 1º piso.

- ✓ Secretaría: luns, mércores, xoves e venres (12:30 a 14:00 horas).
- ✓ Dirección: luns (10:00 a 12:00 horas), martes, xoves e venres (12:30 a 14:00 horas).

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ao longo do curso tódolos grupos farán diferentes visitas culturais e asistirán a actividades ofertadas polo Concello e outras entidades.

En colaboración coa ANPA ofertaránse, como actividades extraescolares:

- **Pintura, manualidades, música e teatro** - Inglés
- **Patinaxe** - Piscina
- **Taekwondo** - Ballet

CALENDARIO DE DÍAS NON LECTIVOS

- ✓ Hispanidade 12 de outubro de 2010.
- ✓ Día de todos os santos 1 de novembro de 2010
- ✓ Día do ensino 7 de decembro de 2010
- ✓ Vacacións de Nadal Do 23 de decembro de 2010 ao 7 de xaneiro de 2011, ambos os dous inclusive.
- ✓ Entroido Días 7, 8 e 9 de marzo de 2011.
- ✓ Vacacións de Semana Santa Do 18 de abril ata o 25 de abril de 2011, ambos os dous inclusive.
- ✓ Día das Letras Galegas 17 de maio de 2011.
- ✓ (Pendentes confirmar pola Delegación) 2 de novembro de 2010 e 16 de maio de 2011.

ANPA

O centro conta coa Asociación de Nais e Pais "Río Inferniño", cuxo Presidente é Ricardo Cruceira Soto.